



# CONCELLO DE CABANAS

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 12 DE OUTUBRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. Germán Castrillón Permuy (Gr.PP)  
Concelleiros/as;  
D. Manuel González López (Gr.PP)  
Dª. Esperanza Gayoso Pereiro (Gr.PP)  
D. Julián Ramón Seijas Criado (Gr.PP)  
D. Javier Fernández Brage (Gr.PP)  
D. Carlos Ladra Brage (Gr.Socialista)  
Dª. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)  
D. Iago Varela Martínez (BNG-Gr.Mixto)  
Dª. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)  
D. Xosé Manuel Pérez Sardiña(PDDdG-Gr.Mixto)

Secretario-Interventor:

D. Antonio López Vila.

constitución do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

1.-CONTA XERAL EXERCICIO 2016.Seguidamente dáse conta á Corporación da Conta Xeral do orzamento correspondente o exercicio de 2016 co expediente tramitado e documentos que a xustifican, co informe de Intervención e ditame da Comisión Especial de Contas de data 26 de xullo de 2017, a cal foi exposta ó público segundo anuncio publicado no BOP nº 171 de data 8 de setembro de 2017, sen que se presentase reclamación algúnhha no prazo establecido ao efecto.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Sr. Feal Pereira manifesta que xa pasou pola Comisión de Contas, os gastos xa foron fiscalizados, e a discrepancia está en como se gasta, a base de insistir de forma positiva vaise mellorando e débese contar máis coa oposición, está prevista unha xuntanza de voceiros para falar do próximo orzamento e esta conta de 2016 pode servir de referencia para mellorar, é importante que remate co inventario para coñecer o patrimonio, no tema de debedores de dubidoso cobro é unha falta de respecto aos contribuíntes que haxa prescripcións, espera que o tema do Penso quede liquidado nesta lexislatura, hai que actualizar as tarifas de auga e saneamento e estudar o desequilibrio en servizos sociais, inda que se cumplen os principios contables a discrepancia está no gasto e vanse abster.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez considera que a conta xeral peca dos mesmos defectos que as anteriores, demostra a falta de política de facenda seria, o 39,24 % sufriu modificativo, o 29,63 quedou sen executar, están a facer orzamentos solo para quedar ben na prensa, séguese a priorizar o gasto corrente sobre o investimento e non fan nada por

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dez horas do día doce de outubro de dous mil dezasete, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Germán Castrillón Permuy, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación segundo a previa convocatoria ao efecto, e coa asistencia do Secretario-Interventor titular don Antonio López Vila, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida

constitución da sesión, e procedese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.



## CONCELLO DE CABANAS

controlalo, publicidade, contenciosos, soldos encubertos, gastos diversos que non se explican, inda por enriba no investimento non hai políticas transformadoras, gasto en industria e enerxía, emprego, política social, ademais unha alta porcentaxe quedou sen executar. Esta conta xeral volve a demostrar que as externalizacións están descontroladas pois subiron o 7%, no Penso vólvese a gastar menos do orzamentado despois de intentar evitar o problema e facer unha chapuza onde nin as obras nin as vivendas resultantes cumplen os mínimos que merece a veciñanza do Penso, vostedes quixeron aforrar xogando co benestar dos afectados.

A concelleira de AEC Sra. García Amor coida que desde que se fixo a coalición de goberno se foron escoitando as propostas da agrupación e as actuacions que se reflicten na conta xeral como o inventario ou a execución do Penso están encauzados, polo que o seu voto será favorable.

O concelleiro de PDDdG Sr. Perez Sardiña opina que como xa advertiron nas contas de 2014 e 2015 a xestión do grupo de goberno é crónica, atende mais ben os intereses do goberno que as necesidades dos veciños, lembra o uso abusivo dos gastos realizados en 2015 nos últimos días antes das eleccións, fala de malgasto en trofeos, asesorías externas con duplicación de servizos, externalizacións, comunicación, reparación maquinaria, subvencións directas, irregularidades en contratación, contratos menores que permanecen no tempo, problemas de xestión no servizo de axuda no fogar, hai que ter en conta circunstancias sociais para sacar adiante o servizo cun mínimo de garantías, hai que ter outra responsabilidade e facer unha xestión máis eficiente, o remanente de tesourería é cautivo que está ao servizo da execución do Penso, esa sentenza financiaríase coa suba de impostos que vostedes aprobaron e non é así, o Concello ten que cumplir co plan de financiamento, non pode compartir a prescripción de débedas, hai que facer outra política en vez de gastar o tempo en xuízos contra veciños.

Polo grupo Popular: o voceiro Sr. González López indica que a conta xeral do 2016 presenta resultados positivos, o remanente de tesourería tamén é positivo (878.469,40 euros), o volume de débeda a 31 de decembro é do 32,92%, polo tanto Cabanas sitúase moi por debaixo dos niveis permitidos as administracións locais, fixados nun 75% para concertar operacións de crédito sen autorización e nun 110% con autorización, polo tanto Cabanas conta cunha capacidade de financiamento positiva, máxime tendo en conta as limitacións por execución das sentenzas do Penso para execución das obras e indemnizacións, inda así cúmprese co obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite da débeda, ademais a liquidez ascende a 994.758,44 euros, en resumo, as contas de 2016 foron estables o que permite ao Concello de Cabanas continuar mellorando os servizos básicos no marco das competencias municipais.

O Sr. Feal Pereira insiste en que o importante dunha conta xeral é o desenvolvemento despois de aprobar un orzamento, o grupo de goberno debía ter más en conta a oposición para o debate de como van os gastos, os gastos electorais sempre se pode achacar ao grupo de goberno, uns más e outros menos, hai unha serie de contratos menores de servizos a limitar e tirar más de recursos propios ou da Deputación, aproveitar esas axudas doutras administración para baixar a externalización e mirar más do traballo a nivel local, apostar pola boa relación para elaboración dos próximos orzamentos e buscar a mellor maneira de fiscalizar gastos para ir controlando a súa execución.

O Sr. Varela Martínez considera que é importante falar de cifras, en relación cos ingresos a previsión está desproporcionada propia da época de bonanza, alude ao exceso en ICIO, licenzas



# CONCELLO DE CABANAS

de obras, transferencias do Estado e da Comunidade Autónoma, sen embargo en multas recádase máis, é un modelo de ingresos que carga o peso sobre a veciñanza, aquela publicidade de Cabanas concello sen débeda era unha irresponsabilidade cando había que pagar o préstamo do Penso, daquela había eleccións e agora Cabanas ten máis de medio millón de euros en débeda.

O Sr. Pérez Sardíña refírese ao vencemento de contratos como axuda no fogar a dependencia, mantemento de iluminación pública, xestión do PAI que se debe tramitar nova licitación, e pregunta si teñen unha previsión en canto a continuidade destes servizos, hai que xestionar e dar solución a estas situacions, en emprego público hai que dotar de persoal as prazas vacantes que seguen sen cubrir, hai recortes de servizos que afectan a cidadanía e seguen sen executar o orzamento, critica facturas como cañas, asesoría voluntariado e baixa contía en axudas sociais e non fixeron nada sobre as dietas.

O Sr. González López insiste no remanente positivo, a reserva de 640.768,41 euros para incorporación para execución da sentenza do Penso, o cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite da débeda, as transferencias en subvencións recibidas ascenderon a 1.577.846 euros e rebaixáronse os gastos financeiros en case 3.000 euros, non se presentou ningunha alegación a conta xeral de 2016, as contas foron estables e permitiron ao Concello de Cabanas continuar mellorando os servizos básicos no marco das competencias municipais.

O Sr. Alcalde aclara que o tema do inventario de bens está entregado ao Concello, hai que revisalo e traerémolo a Pleno para a súa aprobación, a débeda de dubidoso cobro se vai a controlar e as modificacions do orzamento foron principalmente por aumento de subvencións que se recibiron; parte da partida do Penso non se executou e o diñeiro está reservado para esa obra a incorporar como remanente en 2017; en gastos correntes haberá que facer os servizos que corresponda, non hai incrementos que non estean xustificados; a política social é estar cerca dos cidadáns, axudarlle e colaborar, tamén é controlar o diñeiro público e non regalalo a quen non o necesita, en Cabanas hai poucas emerxencias e iso é positivo, pero en servizos sociais non se pon recorte ningún, calquera partida que se esgote será aumentada, o tema social non é solo diñeiro, en axuda no fogar está funcionando mellor o que está coa empresa privada e claro que hai que darlle unha volta ao de libre concorrencia, cara a 2019 vai ser más duro porque se están a revisar os parámetros para as axudas; en canto ao emprego débese analizar as cifras da comarca, gustaríalle que houbera menos pero hai que ver as porcentaxes de concellos limítrofes, son contas estables que cumplen os parámetros establecidos e o anuncio que se fixo foi que en 2017 é o primeiro orzamento onde o concello non ten que poñer diñeiro para sentenzas.

Debatido o asunto o Pleno da Corporación con seis votos a favor dos membros do grupo Popular e concelleira de AEC no grupo Mixto, dous en contra dos concelleiros do BNG e PDDdG no grupo Mixto, e tres abstencións dos membros do grupo Socialista, acorda:

Primeiro. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2016 a cal presenta os seguintes resultados:

Resultado orzamentario axustado	249.029,98
Dereitos pendentes de cobro ao peche do exercicio	442.193,37
Obrigas pendentes de pago ao peche do exercicio	370.511,60
Fondos líquidos na Tesourería ao peche do exercicio	994.758,44
Remanente de Tesourería total	1.066.440,21



# CONCELLO DE CABANAS

Reservas	640.768,41
Remanente de Tesourería disponible	247.700,99

Segundo.Dar traslado da Conta Xeral aprobada para a súa fiscalización ó Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS 7/2017. Visto o expediente de modificación de créditos nº 7/2017 para transferencias de crédito entre partidas da mesma ou distinta área de gasto e capítulo, segundo detalla a memoria da Alcaldía de data 7 de outubro de 2017 por importe de 42.000,00 euros e na cal considera necesaria a súa tramitación para atender necesidades de gastos relativos a persoal, bens correntes e servizos, e investimentos, utilizando para o seu financiamento recursos procedentes de transferencias doutras partidas de gastos na forma que se reflicte en dita memoria.

Visto o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e bases de execución do orzamento para o exercicio 2017 así como informe de Intervención e ditame favorable da Comisión de Facenda.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez entende que as modificacións de crédito son unha ferramenta dos gobernos para adaptar os orzamentos do concello a circunstancias sobrevidas, pero este modificativo non trata diso, senón que ven a confirmar o que manifestou na aprobación do orzamento, non había previsión e eran inaprobables; esta modificación é produto da falta de previsión ou falta de traballo, xa que se libera diñeiro por non cubrir postos de traballo, de mellora enerxética e abastecemento de auga que crearon vostedes e agora eliminan, hai improvisación e chapuza por iso votarán en contra.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña manifiesta que é comprensible que se convoque unha xunta de voceiros para o luns próximo sobre orzamentos e non se tratara na Comisión de Facenda, esta non é unha modificación participativa senón ordeno e mando, non está consensuado con ningún grupo, este modificado aproveítase de non cubrir prazas, ademais os destinos nalgúns casos son necesarios pero noutros non, descontrol no gasto de maquinaria, non poden mirar para outro lado e facer discursos.

Polo grupo Popular: o voceiro Sr. González López di que como solo ocorrer no último trimestre do ano hai que axustar partidas do orzamento por diversos motivos, é necesario incrementar algunas partidas de gastos relativas a bens correntes, servizos e investimentos e para elo existe a posibilidade de transferencia doutras partidas sen variar a contía total do orzamento de 201, polo que consideran necesario facer esta modificación.

O Sr. Varela Martínez coida que poden defender a súa necesidade por iso non cambia o feito de que ademais de ser pouco previsores o orzamento que se modifica non soluciona os problemas de Cabanas, gasto corrente desproporcionado, indemnizacións ao goberno de dubidosa legalidade, fomento do emprego como posición política de favores, sen plans de servizos públicos básicos ao 100%, cantidades irrisorias en servizos sociais e inda por riba non se



# CONCELLO DE CABANAS

gastan, é un goberno falto de ideas, cheo de improvisacións e cun sentido de prioridades moi prexudicial para a veciñanza de Cabanas.

A concelleira de AEC Sra. García Amor aclara que a modificación de crédito a esta altura do ano sempre é necesaria, é moi difícil dotar todo a primeiros de ano ao 100%; con respecto a servizos abriuse un baño novo no Areal e ten máis gasto, a maquinaria estase esperando unha nova desbrozadora, as reparacións son moi custosas e a que había estaba moi usada e tiña que ir a taller frecuentemente, espera que no futuro estas reparacións non sexan necesarias e se avance nos desbroces.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiñaestá en contra das modificacións, son necesarias cando hai necesidades, pregunta si pensaron na seca que está a sufrir Cabanas e non se ten en conta, gastáronse 1.600.000 euros nunha obra de abastecemento de auga que non funciona, tampouco había auga nas duchas da praia, solo discursos como fixo o Alcalde saltándose as dúas roldas, podía estar de acordo con algunas cuestións pero non falaron con el e non teñen en conta outras necesidades como o tema da auga, por elo non vai dar o apoio.

O Sr. Alcalde aclara que sobre o tema da auga firmouse un convenio con Agader onde financia o proxecto ao 100%, estase metendo auga as duchas da praia cun proxecto que xa estaba aprobado para non utilizar a da rede, non se cortou a auga ningún día en Cabanas a pesar da seca e ese servizo inda que non funciona ao 100% si funcionou este verán, tamén se está pendente dun proxecto de saneamento da ría con Pontedeume 1ª fase que inclúe a ampliación do subministro de auga a Cabanas e a 2ª fase farase en Cabanas, sabemos o que pasa, se non había auga nas duchas era porque primeiro é o servizo básico das vivendas; en canto a necesidade da modificación aquí inclúe tamén a achega ao saneamento en Valedoso, si se ampliación servizos hai máis mantemento, polo tanto é importante esta modificación.

Debatido o asunto o Pleno da Corporación con seis votos a favor dos membros do grupo Popular e concelleira de AEC no grupo Mixto, dous en contra dos concelleiros do BNG e PDDdG no grupo Mixto, e tres abstencións dos membros do grupo Socialista, acorda:

Primeiro: Aproba-la referida proposta de modificación de crédito por transferencias aplicando as cantidades correspondentes as partidas que se reflicten na memoria segundo o seguinte detalle:

Partidas de gastos ás que se transfire crédito:

Partida	Denominación	Consignación	Crédito Transferido	Consignación resultante	Partida Procedencia
1500.21400	Vehículos transporte servizos municipais	1.000,00	1.000,00	2.000,00	1500.13000
1500.22111	Subministración repostos maquinaria e outros.	5.000,00	4.000,00	9.000,00	1500.13000
1500.22199	Outras subministracións	4.000,00	1.500,00	5.500,00	1500.13000
1601.60900	Plan obras e servizos	157.346,95	17.500,00	174.846,95	1610.60905 1500.13000
1700.21000	Reparación, Mantº. e conser. bens naturais	20.000,00	2.000,00	22.000,00	1710.60999
1700.22110	Produtos limpeza e aseo	1.200,00	200,00	1.400,00	1500.13000



**CONCELLO  
DE  
CABANAS**

2211.16008	Asistencia médico farmacéutica	8.000,00	1.300,00	9.300,00	1500.13000
3120.22700	Limpeza e aseo	850,00	200,00	1.050,00	1710.60999
3421.21200	Edificios e outras construc.	2.500,00	1.700,00	4.000,00	1710.60999
4221.61906	Mellora infraestrutura parques empresariais	61.078,85	5.000,00	66.078,85	1710.60999
4500.22706	Estudos e traballos técnicos	10.000,00	3.000,00	13.000,00	1710.60999
9200.21600	Equipos proceso información	7.000,00	2.600,00	9.500,00	1710.60999
9200.23320	Outras indemnizacións persoal	2.000,00	2.000,00	4.000,00	1651.61907
Total de incremento por créditos transferidos.....					
42.000,00					

Partidas de gastos das cales se transfire crédito:

Partida	Denominación	Consignación	Crédito Disponible	Crédito Transferido	Consig. resultante	Partida Destino
1500.13000	Retribucións básicos	114.865,00	48.577,29	11.000,00	103.865	1500.21400
						1500.22111
						1500.22199
						1601.60900
						1700.22110
						2211.16008
1610.60905	Rede abastecemento auga	15.000,00	15.000,00	14.500,00	500,00	1601.60900
1651.61907	Mellora infraestr. enerxética	8.000,00	2.555,00	2.000,00	6.000,00	9200.23320
1710.60999	Outros investimentos	15.000,00	15.000,00	14.500,00	500,00	1700.21000
						3120.22700
						3421.21200
						4221.61906
						4500.22706
						9200.21600
Total de baixas por créditos transferidos.....						42.000,00

Segundo: Continua-la tramitación do expediente con exposición pública en forma regulamentaria a efectos de exame e reclamacións.

Terceiro: No suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerarase definitivamente aprobado, debendo cumplirse o trámite de publicación do correspondente resumo no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

A continuación, non habendo máis asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e cincuenta minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Secretario

O Alcalde